

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa.

A Comisión Bilateral de Vivenda do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 acordou, na súa reunión do día 17 de decembro de 2010, a declaración da área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago.

Esta área comprende 498 parroquias de 107 concellos distintos. Nos concellos rurais o seu ámbito estendese á totalidade das parroquias polas que transcorren as rotas dos Camiños de Santiago, mentres que nas zonas urbanas a área de rehabilitación límitase ao trazado do Camiño.

O RD 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (en diante, Plan estatal 2013-2016) e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco normativo polo cal se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

O 5 de setembro de 2014 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para a execución do Plan estatal 2013-2016, e o 27 de outubro de 2015, no marco da comisión bilateral de seguimento do Plan estatal 2013-2016, asinouse o acordo específico de financiamento da ARI dos Camiños de Santiago, de conformidade co previsto no artigo 3 do RD 233/2013, do 5 de abril.

Esta actuación intégrase dentro do eixo 2º do programa 3º do Plan RehaVita: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, así como no Plan do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021, aprobados polo Consello da Xunta do 12 de febreiro e do 24 de setembro de 2015, respectivamente.



A ARI dos Camiños de Santiago é a única área desta natureza xestionada directamente pola Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), polo que cómpre regular especificamente a participación das persoas interesadas neste programa e, así mesmo, ditar unhas bases reguladoras para a concesión das axudas.

Para participar neste programa de rexeneración e renovación urbanas correspondente a ARI dos Camiños de Santiago é necesario obter a cualificación provisional da actuación e, unha vez finalizadas as obras, a cualificación definitiva. Ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poderán solicitarse as axudas.

Á vista do anterior, e para dar cumprimento aos compromisos asumidos con base no acordo de financiamento asinado co Ministerio de Fomento o 27 de outubro de 2015, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda,

ACORDO:

CAPITULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto abrir o prazo para solicitar a participación para as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, de acordo co programa de rexeneración e renovacións urbanas do Plan estatal 2013-2016, así como aprobar as bases reguladoras que rexerán na Comunidade Autónoma de Galicia para a concesión das subvencións previstas no Acordo asinado o 27 de outubro de 2015, entre o Ministerio de Fomento e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), para o financiamento da ARI dos Camiños de Santiago.

Artigo 2. *Ámbito das actuacións*

1. As actuacións de rehabilitación deberán realizarse en edificios e vivendas que estean situados no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, de acordo coa relación que figura



no anexo I, e que comprende o trazado das sete rutas do Camiño en Galicia, que son as seguintes:

Francés. Desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela

Da Prata I e da Prata II. Desde A Mezquita ou Verín ata Ourense e desde Ourense ata Santiago de Compostela, respectivamente

Inglés. Desde Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela

Primitivo. Desde A Fonsagrada ata Melide, onde conecta co Camiño Francés

Norte. Desde Ribadeo ata Arzúa, onde conecta co Camiño Francés

Fisterra-Muxía. Desde Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía

Portugués. Desde Tui a Santiago de Compostela

2. Non obstante o anterior, só poderán acollerse a este programa as actuacións de rehabilitación en edificios e vivendas sitos en parroquias de municipios rurais que non estean integradas nos ámbitos doutras ARI xa declaradas pola Xunta de Galicia.

3. Nas conexións coas cidades e vilas importantes, o ámbito das actuacións límitase exclusivamente ao trazado do camiño.

Artigo 3. *Actuacións protexibles*

1. Consideraranse actuacións protexibles a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á seguinte normativa:

- Normativa sobre o Código técnico da edificación.
- Normativa técnica sobre instalacións.
- Normativa sobre accesibilidade.
- Normativa relativa á protección do patrimonio cultural.
- Normativa urbanística.



2. En ningún caso serán protexibles as actuacións que supoñan a demolición ou o baleiramento interior das edificacións.

Artigo 4. *Requisitos das actuacións*

1. As actuacións deberán axustarse ao proxecto de execución das obras presentado coa solicitude ou, de ser o caso, á memoria subscripta polo/a técnico/a competente.

O proxecto ou a memoria técnica deberá conter todas as especificacións que xustifiquen a rehabilitación do edificio ou vivenda, así como un resumo en capítulos dos tipos de obra que se vaia executar, sinalando o seu importe. No suposto de que as obras supoñan unha mellora da eficiencia enerxética, deberá especificarse a porcentaxe da dita mellora respecto da situación de partida.

O proxecto ou memoria técnica deberá conter, ademais, os seguintes datos do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se vaian realizar.

As actuacións que se vaian executar deberán especificarse de conformidade coa desagregación establecida no modelo de solicitude que se xunta como anexo II.

2. No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, será requisito necesario contar co correspondente informe de avaliación, cuxo contido debe axustarse ao modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, así como co acordo validamente adoptado da comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as.

3. Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

4. As actuacións de rehabilitación deberán terse iniciado con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2013-2016 e en ningún caso deberán estar finalizadas na data da publicación desta orde.

5. O prazo máximo de execución e xustificación do pagamento das obras será o 31 de outubro de 2016.



6. As actuacións protexibles incluírán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

7. O custo protexible subvencionable das obras, incluíndo os gastos sinalados no número anterior, non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia 2011 ou normativa que a substitúa.

CAPÍTULO II

Participación no programa de rexeneración e renovación urbanas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago

Artigo 5. Procedemento para a cualificación das actuacións

1. Para participar neste programa, as persoas interesadas deberán solicitar ao IGVS a cualificación provisional das actuacións de rehabilitación, así como executar as obras de conformidade co contido daquela. A cualificación provisional é a resolución administrativa que contera a identificación da persoa solicitante, a actuación que se vai executar, o seu prazo de execución, o orzamento máximo protexible, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, así como a relación das persoas propietarias partícipes nas obras.

2. A cualificación provisional pode solicitarse en calquera momento anterior á finalización das obras.

3. No prazo dun mes contado desde a data de remate das obras e, en todo caso, desde a data de cumprimento do prazo máximo de execución fixado na resolución de cualificación provisional, a persoa interesada deberá solicitar á correspondente Área provincial do IGVS a cualificación definitiva das actuacións. A cualificación definitiva é a resolución administrativa que constata a realización das actuacións e na cal se expresan o tipo de actuación realizada e o importe do orzamento protexible, así como o gasto efectivamente xustificado.

4. Se as solicitudes de cualificación, provisional ou definitiva, ou a documentación presentada xunto con elas non reúnen os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles emende ou xunte os documentos preceptivos, advertíndolle que, no caso de non completar o citado requirimento, se considerará que desis-



te da súa petición, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O IGVS poderá realizar en calquera momento as comprobacións e as inspeccións técnicas que considere oportunas, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións que servirán de base para o outorgamento da correspondente cualificación.

5. A competencia para instruir os procedementos de cualificación provisional e definitiva correspóndelle as áreas provinciais do IGVS onde se atope o edificio ou vivenda obxecto da actuación de rehabilitación; as resolucións de cualificación provisional e definitiva serán ditadas pola persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

6. O prazo para resolver o procedemento será de dous meses, contados desde a data da presentación da solicitude da cualificación provisional ou, de ser o caso, definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada. A denegación da cualificación, provisional ou definitiva, será motivada e susceptible de ser impugnada en alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

7. Serán causas de denegación da cualificación provisional, entre outras, as seguintes:

a) Que o edificio ou vivenda que se pretendan rehabilitar non se atope no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago.

b) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación recollidas neste programa.

c) Que a obra de rehabilitación xa estea rematada na data da solicitude de cualificación.

d) Que a solicitude se presentase fóra de prazo.

e) No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación dos edificios.

8. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, entre outras, as seguintes:

a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na resolución de cualificación provisional.



b) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

c) Non solicitar no prazo establecido a cualificación definitiva.

d) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.

Artigo 6. *Persoas solicitantes*

1. Poderán solicitar a cualificación provisional as comunidades de propietarios/as, as agrupacións de comunidades de propietarios/as e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas.

2. Para solicitar a cualificación definitiva será requisito necesario estar en posesión da cualificación provisional.

Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes abrirase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase pechar o prazo para a presentación de solicitudes de cualificación provisional e cualificación definitiva, en atención ao número de solicitudes presentadas. A resolución de peche do prazo de presentación de solicitudes publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do IGVS.

Artigo 8. *Solicitudes para a cualificación*

1. As solicitudes para a cualificación provisional e definitiva realizaranse mediante a presentación dos modelos que se incorporan, respectivamente, como anexo II e anexo III a esta orde, debidamente cubertos, e aos cales se xuntará a documentación que neles se indica. Deberán dirixirse á Área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou edificio.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo



que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Para a presentación das solicitudes por vía electrónica será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Tamén se poderán presentar as solicitudes en formato papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, utilizando para iso os formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal, baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que estean debidamente compulsadas.

6. No modelo de solicitude anexo II poderanse asinar as seguintes autorizacións a favor do IGVS:

a) Para acreditar a identidade da persoa solicitante, poderase asinar a autorización para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve. No caso de non asinar a autorización, deberase xuntar a copia do DNI ou NIE.

b) No caso de actuar por medio de representante, para acreditar a súa identidade poderase asinar a autorización para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación



ción de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve. No caso de non asinar a autorización, deberase xuntar a copia do DNI ou NIE.

Artigo 9. Documentación complementaria para a solicitude de cualificación provisional

Xunto coa solicitude de cualificación provisional deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia do DNI ou NIE da persoa física, propietaria única do edificio ou vivenda, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.

b) De ser o caso, acreditación da representación da persoa que actúe no nome da persoa propietaria única do edificio.

c) Copia do DNI do representante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta

d) No caso de persoa física, propietaria única do edificio ou vivenda, documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

e) Acta de constitución da comunidade de propietarios/as ou do documento de constitución como agrupación de comunidades de propietarios/as.

f) Certificado da persoa que exerza as funcións de secretario/a da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, en que se recolla tanto o acordo de participar no programa de rexeneración e renovación urbanas do ARI dos Camiños de Santiago, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente a comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, conforme ao modelo que se xunta a esta orde como anexo IV.

g) Anexo V debidamente cuberto, en que se relacionan as vivendas e locais do edificio.

h) Relación das persoas propietarias das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, conforme ao anexo VI.

i) De ser o caso, informe de avaliación do edificio de tipoloxía residencial colectiva en formato dixitalizado, cos contidos que figuran no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, ou documento análogo que inclúa todos os aspectos que forman parte do citado



anexo, cubertos e subscritos por técnico/a competente e emitidos con anterioridade á presentación da solicitude da axuda.

l) Proxecto ou memoria das actuacións de rehabilitación que se pretenden realizar, redactada por técnico/a competente.

m) Plano de situación da vivenda.

n) Certificado do inicio das obras, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación desta orde, emitido polo/a técnico/a responsable da obra ou, no seu caso, pola empresa contratista.

Artigo 10. *Documentación complementaria para a solicitude de cualificación definitiva*

1. Xunto coa solicitude de cualificación definitiva deberá achegarse a seguinte documentación:

a) DNI da persoa solicitante ou do representante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.

b) Reportaxe fotográfica que amose as obras realizadas.

c) Memoria en que se describan as actuacións realizadas e en que se xustifique, de ser o caso, o aforro enerxético derivado da actuación.

d) Facturas das persoas proveedoras que participaron na execucións das obras, que deberán reflectir de xeito desagregado o seu importe e a súa descrición conforme o anexo VII.

e) Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do proveedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

f) Licenzas e/ ou autorizacións preceptivas.

g) Certificado do inicio das obras, no caso de non ter iniciadas as obras con anterioridade á resolución desta orde, emitido polo/a técnico/a responsable da obra ou, de ser o caso, pola empresa contratista.



h) Certificado do remate das obras e, de ser o caso, certificado de instalacións térmicas, eléctricas ou da posta en marcha de ascensor tramitado ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

i) Certificado emitido pola empresa que executou as obras, en que se recolla o seu nome, enderezo e NIF.

l) Copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere a contía de 30.000 €. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía. Deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CAPÍTULO III

Bases reguladoras das subvencións do programa de rexeneración e renovación urbanas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago

Artigo 11. *Obxecto*

1. Esta orde establece as bases reguladoras que rexerán na Comunidade Autónoma de Galicia a concesión das subvencións previstas no acordo asinado o 27 de outubro de 2015 entre o Ministerio de Fomento e o IGVS para o financiamento da área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago, no marco do programa de rexeneración e renovacións urbanas do Plan estatal 2013-2016.

2. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas axudas concederanse polo procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible previsto na resolución de convocatoria pública.

Artigo 12. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as comunidades de propietarios/as, as agrupacións de comunidades de propietarios/as e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean en posesión da correspondente cualificación definitiva.

2. Cando as persoas beneficiarias sexan persoas físicas, deberán posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico



Europeo, de Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. As persoas estranxeiras non comunitarias deberán ter residencia legal en España.

3. Para o caso de que a persoa beneficiaria sexa unha comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as, todos os seus membros deberán cumprir os requisitos sinalados nos números anteriores.

4. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que estean incursoas nunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa solicitante.

Artigo 13. *Contía das subvencións*

1. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, reflectido na cualificación definitiva, que incluírá, de ser o caso, os custes desagregados da actuación de rehabilitación subvencionables, e que non poderá exceder o 35 % do citado custe subvencionable.

O gasto subvencionable fixado na cualificación definitiva determinarase logo da comprobación da execución de todas as obras e da emisión do informe favorable dos servizos técnicos das áreas provinciais do IGVS, en atención ás facturas e aos documentos bancarios de pagamento que se presenten como xustificación destas.

2. A contía máxima das axudas non poderá exceder os 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación.

Artigo 14. *Órganos competentes*

A instrución do procedemento e a formulación da proposta de concesión da subvención correspóndelle ás áreas provinciais do IGVS onde se atope o edificio ou vivenda obxecto da actuación de rehabilitación. A resolución de concesión será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Artigo 15. *Procedemento de concesión das subvencións*

1. O procedemento iníciase coa presentación da solicitude da persoa interesada, unha vez publicada a resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido na correspondente convocatoria.

3. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se as solicitudes non reúnen algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fai, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. O órgano instrutor, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos, elevará a proposta de resolución de concesión de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. Esta proposta conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o gasto subvencionable e a subvención máxima que lle corresponde.

6. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, á vista da proposta efectuada e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que en dereito proceda.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. Na resolución, de xeito motivado, acordarase o outorgamento da subvención con indicación do gasto subvencionable e do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a súa denegación.

2. O prazo para resolver e notificar a concesión será de dous meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o prazo máximo establecido sen que se dite e notifique a resolución, as persoas solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución da Dirección Xeral do IGVS é susceptible de recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.



Artigo 17. Causas de denegación

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos nestas bases.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispuxeran de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, o criterio que se utilizará para a súa tramitación será o da maior antigüidade da data de resolución da cualificación definitiva. No caso de igualdade da data de resolución da cualificación definitiva, atenderase á orde cronolóxica de entrada da solicitude completa no rexistro da Área Provincial do IGVS. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e xunto coa totalidade dos documentos exixidos na resolución de convocatoria.

Artigo 18. Xustificación e pagamento da subvención

1. A resolución da cualificación definitiva da actuación de rehabilitación terá a consideración de memoria de actuación xustificativa e memoria económica, para os efectos do previsto no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Para efectos da xustificación do gasto subvencionable, observarase o previsto no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Admitirase a posibilidade establecida no seu punto terceiro de xustificar os pagamentos mediante recibín do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

3. O pagamento realizarase por transferencia bancaria na conta sinalada para o efecto pola persoa beneficiaria.

Artigo 19. Obrigas das persoas beneficiarias

1. Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) As demais obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de propietarios/as e agrupacións de comunidades de propietarios/as, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o importe desta como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

3. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as incorra nunha ou en varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á devandita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios/as.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas concedidas por calquera outra entidade pública ou privada poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención.

2. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 21. *Incumprimento e reintegro das axudas*

1. Se a persoa beneficiaria incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables ou as condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, poderase anular a axuda, coa obriga do reintegro da subvención, nos termos legal e regulamentariamente establecidos.



2. Conforme o artigo 36.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, os membros da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as responden solidariamente da obriga de reintegro, en proporción ás súas respectivas cotas de participación.

Artigo 22. *Infraccións e sancións*

1. Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Conforme o artigo 68.1 da Lei 9/2007, do 13 xuño, os membros da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as responden solidariamente da sanción pecuniaria, en proporción ás súas respectivas cotas de participación.

Artigo 23. *Incompatibilidades*

1. Non poderán obter os beneficios deste programa aqueles que se beneficiasen das axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal 2013-2016.

2. Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas elas non supere o custo total da actuación.

Artigo 24. *Publicidade*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e a publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como das posibles sancións que se lle poidan impoñer.

2. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 xuño, o IGVS publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación.



Artigo 25. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación estean autorizados polas persoas solicitantes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades». O obxecto deste ficheiro é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central s/n, Polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: rehabilitacion.igvs@xunta.es

Disposición adicional primeira. Modelos normalizados

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional segunda. Remisión normativa

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto nas seguintes normas:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

b) Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal 2013-2016.

c) Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014, entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan estatal 2013-2016. (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 206, do 28 de outubro de 2014).



Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilitase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión deste programa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

